

Texto publicado no suplemento *Nordésia* do *Diario de Ferrol*, o día 18 de xuño de 2006.-

## **Federico e Miguel**

Para Consuelo Vercher

Corría o ano mil novecentos trinta e tres. O día tres de xaneiro, na cidade de Murcia, na casa de Raimundo de los Reyes, daquela director da sección literaria do xornal *La Verdad*, estaba convidado a xantar **Federico García Lorca**, que xa era un dos poetas máis famosos dos seus tempos. “La Barraca”, a compañía de teatro que levaba as grandes obras dos clásicos do Século de Ouro polas vilas máis pequenas e afastadas de España, estaba a representar *La vida es sueño* de Calderón e os *Entremeses* de Cervantes por aquelas terras.

No intre de comezar a xantar, xa coa familia sentada arredor da mesa na compañía do poeta, escoitouse como petaban á porta. Quen chamaba non era nin máis nin menos que **Miguel Hernández**, que aparecía por sorpresa porque a editorial “Sudeste” ía publicar unha edición de *Perito en lunas*, o seu primeiro libro de poemas, patrocinada con catrocentas pesetas por Don Luís Almarcha, cóengo da súa cidade, Orihuela, e apoiada polo seu gran amigo, Ramón Sijé. E como a impresión da obra ía facerse nos obradoiros de *La Verdad*, as probas de imprenta agardaban polas correccións do poeta na casa de Raimundo de los Reyes.

Foi o encontro de dous grandes, Federico e Miguel, pero non se sabe a ciencia certa o que debeu de acontecer nese curto momento en que as súas vidas se entrecruzaron, porque nunca máis volveron coincidir nin intentaron

facelo. Decidiron ignorarse, evitarse, esquivarse, coma dous grandes imáns que se repelesen mutuamente por mor da forza dos seus campos magnéticos.

Federico leváballe once anos a Miguel. Fillo dun propietario agrícola, pasara a nenez entre misas, xogos e teatriños de monicreques, estudara nos mellores colexios relixiosos, fixera estudos de música e acabara licenciándose en Dereito pola Universidade de Granada antes de se trasladar á Residencia de Estudiantes de Madrid e de facerse amigo de moitos dos grandes artistas do seu tempo (Manuel de Falla, Salvador Dalí, Luís Buñuel, Rafael Alberti...) Federico xa viaxara polos Estados Unidos e por Cuba, xa se matriculara na Universidade de Columbia e xa pasara o verán en Vermont, xa publicara o *Romancero Gitano (La luna vino a la fragua / con su polisón de nardos...)* e o *Poema del Cante Jondo*, e agora (1933) estaba a piques de estrear *Bodas de Sangre* e ía viaxar á Arxentina e ao Uruguai para acompañar a xira da compañía de Margarita Xirgú con *Mariana Pineda* e *La zapatera prodigiosa*, acompañado polo clamor do éxito.

Miguel era fillo dun tratante de gando e de cativo repartira leite polas casas. “*En cuclillas ordeño una cabrita y un sueño*”, escribira nun caderno da escola. Nos tempos de pastoreo escribía poesía na horta e nas montañas. “*Un pastor que escribe versos*”, dixeran del na revista *La voluntad* no ano trinta.

Cando se coñeceron Miguel apenas tiña vintetrés anos, e a única viaxe que fixera na súa vida fora a Madrid, onde non conseguira que o director de *La gaceta literaria* publicase os seus poemas. Soamente algúns viran a luz na *Revista de occidente*, a que máis tarde, no ano trinta e cinco, había de publicar a súa “*Elegía*” para Ramón Sijé (“*Yo quiero ser llorando el hortelano / de la tierra que ocupas y estercolas, / compañero del alma, tan temprano...*”)

Que puido acontecer entre os dous grandes poetas no intre de coñecerse na casa de Raimundo de los Reyes naquel xaneiro do trinta e tres para que nunca máis volveran verse? Sería que os rudos ademáns de Miguel, o cabreiro serio e humilde, non foron do gusto do extravertido e histriónico Federico? Sería que a Hernández non lle gustou de Lorca a súa fachenda de señorito?

Pasou o tempo. Federico estreou *Yerma*, e *Doña Rosita la soltera*, e *La casa de Bernarda Alba*. Miguel aínda había de escribir *El rayo que no cesa*, *Viento del pueblo* e o *Cancionero y romancero de ausencias*.

Pero chegou o golpe de estado do Xeneral Franco (“*Un vuelo de gritos largos / se levantó en las veletas...*”) e as vidas de ambos os dous ficaron para sempre truncadas. Primeiro caeu Federico. O dezaseis de agosto era detido e conducido ao Goberno Civil de Granada. Tres días de despois, de mañanciña, á idade de trinta e oito anos, morría fusilado en Víznar deixando unha numerosa obra inédita e inconclusa.

Miguel, miliciano no Exército Popular, tamén era detido e había pasar por varias cadeas até enfermar de tuberculose e tifo sen recibir ningunha caste de atención médica. Morría aos trinta e dous anos, o día 11 de marzo de 1942, e deixaba unha impresionante elexía para Federico: “*Cegado el manantial de tu saliva, / hijo de la paloma, / nieto del ruiseñor y de la oliva: / serás, mientras la tierra vaya y vuelva, / esposo siempre de la siempreviva, / estiércol padre de la madre selva.*”

A inxustiza do Franquismo acababa de xeito atroz coa vida dos dous grandes poetas, que dende aquel encontro en Murcia nunca máis volveran verse.

© Xesús Constela Doce, 2006